

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Sra. alcaldesa, con data de 5 de decembro de 2023, ditou a seguinte
RESOLUCIÓN :

“ RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: FINALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DOS ESPAZOS DE TRABALLO DO “ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO DE SOLLÁNS”, ESPAZOS DE TRABALLO VACANTES E APROBACIÓN DE MODELO NORMALIZADO DE SOLICITUDE.

EXPEDIENTE: 2023/G003/001502

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 17 de abril de 2019 (res. 275/19), iniciouse o expediente para adxudicar a concesión do uso privativo dos 20 espazos de traballo do Espazo de Traballo Colaborativo de Solláns (ETC de Solláns).

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 2 de xullo do 2019 (res. 520/2019), aprobouse o Prego de condicións da concesión de espazos de traballo no ETC de Solláns (en adiante, Prego de condicións) e que, segundo a cláusula 1 do mesmo, os espazos que se ofertan en concesión son un total de 20.

Considerando que, tras a tramitación do correspondente expediente, mediante Decreto da Alcaldía do 5 de xuño de 2020 (res. 480/2020), corrixido mediante Decreto da Alcaldía da mesma data (res. 482/2020), resolveuse adxudicar a concesión do uso privativo dos espazos de traballo 12, 15, 17 e 20 do ETC de Solláns, ás persoas sinaladas no citado Decreto, durante os períodos, segundo os casos, de tres, seis e doce meses, quedando

sen efecto, de acordo co solicitado polo interesado, a adxudicación do espazo 15, de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de setembro de 2020 (res. 781/2020).

Considerando que, de conformidade co previsto na cláusula 11 do Prego de condicións, no seu momento procedeuse á formalización dos contratos en documento administrativo, dándose así por rematado o proceso de concesión dos espazos de traballo no ETC de Solláns.

Considerando que, rematados os diferentes períodos de duración da concesión, e tendo en conta as condicións sociosanitarias asociadas ao COVID e a ausencia de solicitudes ao efecto, dende estas primeiras concesións non se realizou ningunha ata o día da data, atopándose actualmente vacantes os 20 postos existentes, procedéndose agora a ditar o presente co fin de reactivar e dinamizar o ETC de Solláns co obxecto de acadar a finalidade coa que naceu o mesmo.

Considerando que, segundo o previsto no capítulo VII do Prego de condicións (cl. 21), referido aos espazos de traballo vacantes, para o caso de que finalizado o procedemento de concesión *“quedaran libres espazos de traballo no ETC de Solláns”* a adxudicación dos mesmos se efectuará coas formalidades previstas no Prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía de 2 de xullo de 2019 (res. 520/019) e no Regulamento do espazo de traballo colaborativo de Solláns, coas particularidades que se detallan no citado capítulo VII, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada (día e hora) nos diferentes lugares habilitados para a súa presentación, segundo o recollido na cláusula 6.1 do Prego de condicións (Rexistro xeral do Concello de Teo ou calquera das formas previstas no artigo 16.4 LPACAP).

Considerando que, segundo a cláusula 1 do Prego de condicións, os espazos que se ofertan en concesión son un total de 20 *“dos cales 8 se reservan para persoas emprendedoras, podendo asignarse a persoas traballadoras autónomas que as soliciten en caso de que queden vacantes e iso sen prexuízo de que, ao marxe da reserva, que ten*

carácter de mínima, sexan máis os espazos de traballo que, atención ao previsto no presente, sexan adxudicados a persoas emprendedoras”.

Considerando que a previsión recollida no Prego de condicións, relativa á reserva a persoas emprendedoras, tiña sentido no contexto do proceso aberto de concesión aperturado no seu día, para o caso de que se solicitaran máis postos do ETC que os existentes, carecendo de sentido no momento actual, habida conta de que, finalizado o procedemento citado, a concesión a partir do presente realizarase, segundo o establecido no capítulo VII do prego, a favor das persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada nos diferentes lugares habilitados para a súa presentación.

Considerando que, de acordo co exposto, finalizado o procedemento de concesión dos espazos de traballo, actualmente a totalidade dos 20 postos de traballo atópanse vacantes.

Considerando que para facer efectiva a adxudicación dos espazos de traballo vacantes resulta preciso aprobar o correspondente modelo, coincidente co establecido no Prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 2 de xullo de 2019 (res. 520/2019), axustados ás esixencias do novo procedemento de adxudicación recollido no capítulo VII do citado Prego (cl. 21) e ás esixencias da normativa aplicable.

Considerando que segundo o artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), estas deberán establecer modelos e sistemas de presentación masiva que permitan aos interesados presentar simultaneamente varias solicitudes. Estes modelos, de uso voluntario, estarán a disposición dos interesados nas correspondentes sedes electrónicas e nas oficinas de asistencia en materia de rexistro das Administracións Públicas.

Os solicitantes poderán acompañar os elementos que estimen convenientes para precisar ou completar os datos do modelo, os cales deberán ser admitidos e tidos en conta polo órgano ao que se dirixan (art. 66.4 LPACAP).

Os sistemas normalizados de solicitude poderán incluír comprobacións automáticas da información aportada respecto de datos almacenados en sistemas propios ou pertencentes a outras Administracións ou ofrecer o formulario cumprimentado, en todo ou parte, co obxecto de que o interesado verifique a información e, no seu caso, a modifique ou complete (art. 66.5 LPACAP).

Cando a Administración nun procedemento concreto estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes, estes serán de uso obrigatorio para os interesados (art. 66.6 LPACAP).

En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo, en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, e o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Facer público que, finalizado o procedemento de concesión do uso privativo dos espazos de traballo do ETC de Solláns, incoado mediante Decreto da Alcaldía do 17 de abril de 2019, actualmente atópanse libres os 20 espazos de traballo, cuxa adxudicación se efectuará, sen ningún tipo de reserva ao efecto, coas formalidades previstas no Prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 2 de xullo de 2019 (res 520/12) (que se incorpora como anexo I á presente), no Regulamento do espazo de traballo colaborativo (ETC) Solláns (BOP nº 229, do 30/11/2018) e na Ordenanza reguladora da taxa pola utilización do espazo de traballo colaborativo de Solláns (BOP nº 228, do 28/11/2018 e BOP nº 82 do 02/05/2019), coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado Prego, a favor daquelas persoas que así o

soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada (día e hora) nos diferentes lugares habilitados para a súa presentación, segundo o recollido na cláusula 6.1 do Prego de condicións (Registro xeral do Concello de Teo ou calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP).

Segundo.- Aprobar o modelo normalizado para a solicitude de concesión de espazos de traballo no ETC de Solláns, que se incorpora como anexo á presente (anexo II) modelo que será de uso obrigatorio para as persoas interesadas conforme ao establecido no artigo 66.6 da LPACAP.

Terceiro.- Publicar o presente no taboleiro de edictos do Concello, na web municipal e no portal de transparencia, para xeral coñecemento e aos efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 66.4 da LPACAP, debendo poñerse os modelos aprobados a disposición das persoas interesadas na correspondente sede electrónica e nas oficinas de asistencia en materia de rexistro.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

ANEXO I

**PREGO DE CONDICIÓNS APROBADO MEDIANTE
DECRETO DA ALCALDÍA DO 2 DE XULLO DE 2019
(RES. 520/2019)**


PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DE ESPAZOS DE TRABALLO NO ETC DE SOLLÁNS

CAPÍTULO I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. Obxecto
2. Natureza xurídica da concesión
3. Tarifas pola concesión dos espazos de traballo

CAPÍTULO II. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

4. Capacidade, requisitos para ser concesionario e limitacións para ser titular das concesións
5. Publicación dos pregos e anuncio de apertura do procedemento de adxudicación
6. Presentación de solicitudes de adxudicación: lugar e prazo de presentación, formalidades e documentación
 - 6.1.- Lugar e prazo de presentación
 - 6.2.- Formalidades e documentación



CAPÍTULO III. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

7. Criterios de selección e adxudicación dos espazos de traballo
8. Requirimento de emendas, exclusións e proposta de adxudicación
9. Adxudicación
10. Garantía definitiva
11. Formalización do contrato
12. Gastos a cargo da persoa adxudicataria

CAPÍTULO IV. RÉXIME E EXTINCIÓN DA CONCESIÓN

13. Duración da concesión
14. Transmisión e permuta das concesións dos espazos de traballo
15. Dereitos e obrigas das persoas concesionarias
16. Causas de extinción

CAPÍTULO V. RÉXIME SANCIONADOR

17. Faltas e sancións

18. Imposición das sancións

CAPITULO VI. USO DAS INSTALACIÓNS COMÚNS

19. Sala de reunións

20. Cabina de grabación de son

CAPITULO VII. ESPAZOS DE TRABALLO VACANTES

21. Espazos de traballo vacantes

CAPÍTULO VIII. RÉXIME XURÍDICO

22. Prerrogativas da Administración

23. Normativa aplicable

24. Xurisdición competente

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE ESPAZOS DE TRABALLO NO ETC DE SOLLÁNS

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE ESPAZOS DE TRABALLO NO ETC DE SOLLÁNS

ANEXO III. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA DE CLÁUSULA 7.2 C) DO PREGO RELACIONADA COA UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

ANEXO IV: PLANO DE DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS



PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DE ESPAZOS DE TRABALLO NO ETC DE SOLLÁNS

CAPÍTULO I. ELEMENTOS DO CONTRATO.

1. Obxecto.

O obxecto do presente prego de condicións é regular o procedemento de adxudicación e o contido da concesión demanial para o uso privativo dos espazos de traballo do espazo de traballo colaborativo de Solláns (en adiante, ETC de Solláns) ubicado no lugar que ocupou a antiga escola unitara de Solláns, en Calo – Teo, que de seguido se relacionan. Este prego, cos documentos que preceptivamente o integran, formarán parte do contrato que no seu día se outorgue.

O espazo de traballo colaborativo de Solláns está habilitado para acoller 20 postos de traballo, ademais de contar cunha sala de reunións e un espazo específico para a grabación de son.

De acordo co exposto, os espazos que se ofertan en concesión son un total de 20, dos cales 8 se reservan para persoas emprendedoras, podendo asignarse a persoas traballadoras autónomas que as soliciten en caso de que queden vacantes e iso sen prexuízo de que, ao marxe da reserva, que ten carácter de mínima, sexan máis os espazos de traballo que, atención ao previsto no presente, sexan adxudicados a persoas emprendedoras.

A efectos identificativos, denominarase espazo de traballo ao conxunto de cadeira, caixoneira e mesa de traballo destinada ao uso por unha soa persoa. Estes espazos serán numerados de forma correlativa, do 1 ao 20, a efectos identificativos, quedando obrigados os titulares a aceptar o numero.

Ao presente prego incorporanse como anexo IV un plano no que se recolle a distribución dos espazos que se ofertan no ETC de Solláns.



En todo o non previsto no presente prego será aplicable o Regulamento do espazo de traballo colaborativo (ETC) de Solláns, publicado no BOP nº 229, de 30/11/2018 (en adiante, Regulamento) e na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do espazo de traballo colaborativo de Solláns (BOP nº 228, de 29/11/2018 e BOP nº 82, de 02/05/19).

2. Natureza xurídica da concesión.

A ocupación dun espazo de traballo conceptúase como unha utilización privativa dun ben demanial, que precisa do oportuno título habilitante. Este título, dadas as súas características, terá a consideración dunha concesión administrativa demanial, de acordo co previsto no artigo 93 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas (en adiante, LPAP), así como no artigo 78 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais (en adiante, RBEL).

En todo caso, os espazos de traballo serán sempre de titularidade e propiedade do concello de Teo, outorgándose a concesión salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

De acordo co previsto no Regulamento, estas concesións administrativas demaniais outorgaranse por un periodo máximo de 12 meses. No caso das **persoas emprendedoras** poderán solicitar 6 meses, renovables, previa solicitude formulada ao efecto, por outros seis. No caso das **persoas traballadoras autónomas** poderán solicitar 3, 6, 9 e 12 meses.

3. Tarifas pola concesión dos espazos de traballo.

As tarifas serán as establecidas na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do espazo de traballo colaborativo de Solláns (BOP nº 228, de 29/11/2018 e BOP nº 82, 02/05/19).

O pago das tarifas efecturase con carácter previo a adxudicación das concesións dos espazos de traballo. A estes efectos, publicarase unha proposta inicial de adxudicación dos espazos de traballo na páxina web do concello de Teo (www.teo.gal) e no taboleiro



de anuncios. As persoas que resulten propostas inicialmente como adxudicatarias non exentas de pago, deberán aboar as tarifas (e presentar o xustificante de aboamento) de conformidade co disposto neste artigo nun prazo de 10 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta inicial de adxudicación na páxina web do concello de Teo. O aboamento destas tarifas deberá efectuarse na conta que o concello ten na entidade Banco Sabadell (ES03 0081 2154 71 0001001109). No xustificante de aboamento deberá facerse constar o **CONCEPTO** polo que se paga: **“CONCESIÓN DE ESPAZO DE TRABALLO NO ETC DE SOLLÁNS”** e o **NOME E APELIDOS DA PERSOA PROPOSTA COMO ADXUDICATARIA**, debéndose presentar dentro do prazo de 10 días naturais citado no concello de Teo (Rexistro Xeral do concello, de luns a venres, de 8 a 14 horas, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP), cumpríndose neste último caso as esixencias previstas na cláusula 6.1 do presente). O feito de non realizar o pago ou non presentar o xustificante no citado prazo dará lugar á exclusión do proceso de adxudicación.

CAPÍTULO II. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

4. Capacidade, requisitos para ser concesionario e limitacións para ser titular das concesións.

Están capacitadas para presentar solicitudes de participación neste procedemento de adxudicación única e exclusivamente as **persoas físicas (persoas emprendedoras ou persoas traballadoras autónomas)** que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursoas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), como prohibitivas para contratar, e cumpran coas limitacións e requisitos que se establecen no presente prego e no Regulamento do espazo de traballo colaborativo (ETC) de Solláns e demais que, no seu caso, resulten aplicables.

De acordo co previsto no artigo 94 da Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións Públicas, cando, posteriormente ao outorgamento da concesión, o titular incorra nalgunha das prohibicións de contratar sinaladas, producirase a extinción da mesma.



Co fin de facilitar espazos de traballo ás persoas que estean empadroadas no Municipio de Teo e de evitar posibles especulacións cos bens municipais:

- 1.- Non poderán ser concesionarios dos espazos as persoas xurídicas.
- 2.- Non se poderá conceder a unha mesma persoa máis dun espazo. Esta limitación implica que cada participante so pode solicitar un espazo.
- 3.- Para acceder a un posto no ETC é necesario que a persoa solicitante estea empadroadada no concello de Teo polo menos 6 meses antes da data de solicitude do espazo (salvo as situacións recollidas no seguinte punto).
- 4.- As persoas traballadoras autónomas que non estean empadroadas no concello de Teo, só poderán ser concesionarias de espazos de traballo no caso de que exerzan parte da súa actividade no concello de Teo e no caso de que existan espazos vacantes logo da adxudicación dos mesmos ás persoas empadroadas no Concello.

O concello de Teo verificará si se cumpren os condicionantes, requisitos e limitacións establecidos. O non cumprimento destes determinará a exclusión do procedemento. O concello de Teo poderá recabar información de calquera solicitante en relación a algún dos extremos que sexa necesario para participar neste procedemento.

5. Publicación dos pregos e anuncio de apertura do procedemento de adxudicación.

Para maior garantía das persoas interesadas, a publicación do presente prego e a publicación do anuncio de licitación no procedemento de adxudicación, realizarase en unidade de acto. A estes efectos, o presente prego de condicións e a restante documentación que integra o expediente estará a disposición dos interesados, na Secretaria do concello, para o seu exame, a fin de que poidan presentarse reclamacións contra o prego, durante o prazo de 30 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación do anuncio de licitación no BOP. De producirse reclamacións ao prego, estas non suspenderán o prazo para a presentación de solicitudes e serán resoltas polo órgano de contratación. Porén, de producirse a estimación das mesmas



CONCELLO DE TEO
Secretaría

procederá, chegado o caso, a modificación do prego e a apertura de novo proceso de licitación.

O prego publicarase igualmente no taboleiro de anuncios, na páxina web do concello de Teo (www.teo.gal) e na sede electrónica, a efectos de formular reclamacións no prazo sinalado, publicándose no BOP un anuncio de apertura do procedemento de adxudicación.

6. Presentación de solicitudes de adxudicación: lugar e prazo de presentación, formalidades e documentación.

6.1.- Lugar e prazo de presentación.-

As solicitudes para ser adxudicatario/a dos espazos de traballo presentaranse no Rexistro Xeral do concello, de luns a venres, de 8 a 14 horas, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP, durante o prazo de 30 días hábiles, contado a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de apertura do procedemento de adxudicación no BOP.

No caso de presentación nas oficinas de correos, deberá facer constar, non so o día, senón tamén a hora de presentación nas mesmas.

Se o último día do prazo coincidise en día inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

As solicitudes que se recibiran fóra do prazo fixado nestes pregos non serán admitidas, agás o previsto no párrafo seguinte para as solicitudes remitidas por correo ou as presentadas nunha Administración distinta ao Concello de Teo.

No caso de presentarse solicitudes por correo ou noutros rexistros administrativos diferente ao do concello de Teo, a persoa interesada deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data e hora de imposición do envío na Oficina de Correos ou a data de Rexistro de entrada na oficina da administración correspondente, e anunciar á alcaldía a remisión da solicitude, mediante FAX (981809401) ou correo electrónico



(servizosxerais@teo.gal) no mesmo día. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a solicitude no caso de que se recibira con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado neste apartado 6.1 do prego. Porén, transcorridos, 10 días naturais seguintes ao da terminación do prazo de presentación, sen terse recibido a solicitude, esta non será admitida en ningún caso.

A presentación das solicitudes de adxudicación de espazos de traballo supón a aceptación incondicionada deste prego de condicións e de cantas obrigas deriven do mesmo.

6.2.- Formalidades e documentación.-

A documentación presentarase en dous sobres pechados, asinados pola persoa interesada, nos que constará o nome e apelidos, domicilio e dirección de correo electrónico a efectos de notificacións, e onúmero de telefono.

Os sobres indicados denominaranse da seguinte forma:

6.2.1.- Sobre A.DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA. Conterá a seguinte documentación:

- A solicitude para participar no procedemento de adxudicación de espazos de traballo no ETC de Solláns, que se presentará de conformidade co modelo incorporado a estes pregos como anexo I.
- O citado modelo lle será facilitado no Rexistro Xeral do Concello de Teo, podéndose así mesmo obter na sede electrónica ou na web do concello.
- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias (co Estado e CCAA) e da Seguridade social.
- Documentación acreditativa da representación (poder notarial), cando se actúe nesta condición.
- Descrición detallada do proxecto empresarial.

A estes efectos o citado proxecto deberá ter unha extensión máxima de 10 folios, a unha soa carilla, en arial 12. O incumprimento destas limitacións dará lugar á exclusión do proceso de adxudicación.



CONCELLO DE TEO
Secretaría

A circunstancia relativa a estar o corrente coas obrigas tributarias co concello de Teo e a de empadronamento no mesmo, será verificada polo propio concello.

6.2.2.- Sobre B.DOCUMENTACIÓN TÉCNICA. Considerando que, para o caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de espazos dispoñibles, os criterios a ter en conta para facer a adxudicación serán os establecidos na cláusula 7.2 do presente prego, as persoas interesadas deberán presentar, en sobre pechado, a documentación relacionada con eses criterios, conforme ao modelo incorporado ao presente como anexo II.

No caso de que, ao ser o número de solicitudes inferior ao dos espazos ofertados, non sexa preciso acudir aos criterios fixados na cláusula 7.2, os citados sobres non serán aperturados e procederase ao arquivo dos mesmos no expediente, previa dilixencia extendida ao efecto.

Toda a documentación á que se refire a presente cláusula (6.2) deberá ser orixinal, porén admitiranse copias que teñan carácter de auténticas, conforme á lexislación vixente.

CAPÍTULO III. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

7. Criterios de selección e adxudicación dos espazos de traballo.

7.1.- No caso de que non existan máis solicitudes de espazos de traballo que os que se ofertan en concesión, estes adxudicaranse atendendo á orde de entrada (día e hora) nos diferentes lugares habilitados para a súa presentación, segundo o recollido na cláusula 6.1 do presente (Rexistro xeral do concello de Teo ou calquera das formas previstas no artigo 16.4 LPACAP).

7.2.- Porén, en caso de que o número de solicitudes supere o de espazos ofertados, adxudicaranse atendendo aos seguintes criterios:

a) A idade da persoa solicitante: Puntuación máxima neste apartado 12 puntos.

- De 18 a 30 anos: 10 puntos.

- A partir de 50 anos: 12 puntos.



CONCELLO DE TEO
REGISTRADO

A efectos de valorar este criterio, terase en conta a idade da persoa solicitante na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

b) Data de empadronamento da persoa solicitante no concello de Teo – 20 puntos.

A efectos de valorar o criterio relacionado coa data de empadronamento no concello de Teo, terase en conta unicamente a derradeira data de empadronamento, sen que sexan tidos en conta períodos anteriores respecto dos cales se causou baixa nalgún momento. A estes efectos outorgarase un punto por cada ano completo de empadronamento no concello de Teo, ata un máximo de 20 puntos.

c) Utilización da lingua galega: 10 puntos.

Acreditarase o uso coa presentación dunha declaración xurada mediante a que se adquira o compromiso da utilización da lingua galega durante a fase de elaboración do proxecto e no desenvolvemento da actividade empresarial, conforme ao modelo que se incorpora ao presente como anexo III.

d) Cargas familiares - 10 puntos.

A estes efectos consideraranse como cargas familiares os fillos menores de 18 anos e persoas en situación de dependencia que dependan economicamente da persoa solicitante.

Esta circunstancia acreditarase cun informe dos Servizos Sociais ou co libro de familia.

e) Tempo en desemprego. Puntuación máxima neste apartado 12 puntos.

A estes efectos outorgarase 0,20 puntos por cada mes completo en situación de desemprego con inscrición no Servizo Público de Emprego de Galicia. Esta circunstancia acreditarase cunha certificación ou informe do SPEG (Servizo público de emprego de Galicia).

f) Mulleres: 10 puntos.

g) Por ter algunha discapacidade, recoñecida pola administración competente, nun grao igual o superior ao 33% - 10 puntos.

Esta circunstancia acreditarase cun informe dos Servizos Sociais ou co certificado do



INSS acreditativo da mesma.

h) Grao de innovación do proxecto empresarial no ámbito do Concello de Teo - 10 puntos.

Este criterio deberá acreditarse mediante a presentación dunha memoria xustificativa do mesmo, que terá unha extensión máxima dun folio, a unha soa cara, en arial 12.

i) Negocios relacionados directamente cos seguintes sectores: Comunicación, TIC's, sectores emerxentes, novas tecnoloxías en xeral, agro gandeiro, medio ambiente, industrias culturais e turísticas – 10 puntos.

j) Previsión de creación de emprego. Puntuación máxima neste apartado 6 puntos.

1. De 1 a 3 postos de traballo, ademais do da persoa promotora: 3 puntos.

2. Máis de catro postos de traballo, ademais do da persoa promotora: 6 puntos.

Esta previsión ten que xustificarse debidamente e figurar nun apartado diferenciado dentro do documento de descrición do proxecto empresarial.

En caso de que, aplicándose os criterios sinalados se produzan situacións de empate, as mesmas serán resoltas atendendo á data e hora de presentación de solicitudes nos diferentes lugares habilitados ao efecto, segundo o recollido na cláusula 6.1 do presente (Rexistro xeral do concello de Teo ou calquera das formas previstas no artigo 16.4 LPACAP).

7.3.- Tal e como recolle o regulamento do ETC de Solláns no seu punto 4 e na cláusula 1 do presente, farase unha reserva, mínima, de 8 mesas de traballo para persoas emprendedoras que, en caso de non ser solicitadas, poderán ser asignadas a persoas traballadoras autónomas que as requiran.

8. Requirimento de emendas, exclusións e proposta de adxudicación.


Concluído o prazo de presentación de solicitudes de adxudicación, procederase polo órgano competente á apertura dos sobres A, de documentación administrativa. Se se observaran defectos ou omisións subsanables na solicitude ou documentación presentada, concederase un prazo non superior a 3 días hábiles para que os

solicitantes as subsanen. Dito requirimento publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Teo (www.teo.gal), sen prexuízo da súa notificación individual ás persoas participantes. As solicitudes que tendo defectos emendables, non fosen subsanadas dentro do prazo habilitado ao efecto, serán excluídas do procedemento de adxudicación.

Igualmente serán excluídas do procedemento de adxudicación, sen necesidade de requirimento, as solicitudes que presenten defectos insubsanables ou as de quen non reúnan os requisitos ou a capacidade para participar neste procedemento ou non respeten as limitacións e condicionantes fixados neste prego.

O concello de Teo queda facultado para facer requirimentos de aclaracións ou complemento en relación ás solicitudes presentadas. Ditos requirimentos deberán atenderse nun prazo non superior a 3 días hábiles, producíndose, noutro caso, a exclusión do procedemento de adxudicación.

O concello de Teo está facultado para solicitar todos os informes e obter todas as informacións que considere convenientes e/ou necesarios para a correcta adxudicación dos espazos.



No caso de que, por resultar o número de solicitudes superior ao dos espazos de traballo ofertados, sexa preciso proceder a aplicar os criterios recollidos na cláusula 7.2 do presente prego, a formulación da proposta inicial de adxudicación, á que se refire o parágrafo seguinte, irá precedida da apertura, polo órgano competente, dos sobres B, de documentación técnica, formulándose, previa valoración, no seu caso, dos mesmos polo persoal do departamento de Emprego e de Desenvolvemento Local do Concello, a proposta correspondente, que recollerá, por orden decrecente o resultado da valoración dos citados criterios.

Posteriormente, realizarase unha proposta inicial de adxudicación que incluirá:

1.- Todas as persoas solicitantes que reúnan os requisitos para participar neste procedemento, no caso de que, ao non existir máis solicitudes de espazos de traballo que os que se ofertan, o criterio a aplicar será o relativo á orde de entrada nos

diferentes lugares habilitados para a súa presentación, segundo o recollido na clausula 6.1 do presente (Rexistro xeral do concello de Teo ou calquera das formas previstas no artigo 16.4 LPACAP).

2.- Os solicitantes que, reunindo todos os requisitos, lles corresponda atendendo á valoración obtida de aplicar os criterios aos que se refire a cláusula 7.2 do presente, ata o límite dos espazos de traballo ofertados, no caso de que sexa preciso aplicar estes criterios, por existir máis solicitudes de espazos que os que se ofertan.

A proposta inicial de adxudicación publicarase na páxina web do concello de Teo (www.teo.gal) eno taboleiro de anuncios. Nesa proposta farase constar os participantes excluídos, indicándose o motivo da exclusión, así como, no seu caso, os que reunindo todos os requisitos non poidan ser adxudicatarios por ser superior o número de solicitudes de espazos de traballo que os ofertados, se ben neste último caso farase constar o resultado da valoración dos criterios aplicados de conformidade co sinalado na cláusula 7.2 e na presente cláusula.

Os solicitantes que resulten propostos inicialmente como adxudicatarios deberán aboar as tarifas, e presentar o xustificante de aboamento, de conformidade co disposto no cláusula 3 deste prego, no prazo de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da proposta inicial de adxudicación na páxina web do concello de Teo. Os que non realicen o citado abono (ou non presenten o xustificante) no prazo indicado serán excluídos na proposta definitiva de adxudicación.

No suposto de que algún/s participante/s que figurase na proposta inicial de adxudicación, non abonase as tarifas (ou non presente o xustificante) nos prazos establecidos, requirirase o citado abono ao/s participante/s que, no seu caso, reunindo todos os requisitos, non foran propostos inicialmente, para que nun prazo de 10 días naturais, a contar dende o requirimento, fagan o ingreso das tarifas correspondentes.

Transcorrido o prazo para o aboamento das tarifas, a proposta inicial de adxudicación considerarase definitiva, agás que se produza o suposto recollido nos dous parágrafos anteriores (non aboamento das tarifas por solicitantes inicialmente incluídos na



CONCELLO DE TEO
Aprobado

proposta e requirimento de abono de tarifas a solicitantes inicialmente non incluídos ao ser a demanda de espazos de traballo superior aos ofertados), en cuxo caso formularase unha proposta definitiva, na que se excluirán a aqueles que, estando inicialmente propostos, non aboasen en prazo as tarifas, incluíndose a aqueles que non estando nun primeiro momento na proposta inicial, por ser superior os espazos de traballo solicitados que os ofertados, abonasen en prazo as tarifas.

A proposta inicial de adxudicación considerada definitiva ou, no seu caso, a proposta definitiva de adxudicación someterase á mesma publicidade que a inicial (taboleiro e páxina web).

O feito de estar incluído na proposta inicial ou definitiva de adxudicación, non crea dereito algún a favor das persoas interesadas, ata que, polo órgano competente, se lle adxudique a concesión ao seu favor e se formalice o contrato.

A asignación concreta dos espazos de traballo realizarase polo órgano competente, na adxudicación, de conformidade coa proposta que a estes efectos formule previamente a persoa responsable da área, que terá en conta ben a orde de entrada (día e hora) nos diferentes lugares habilitados para a súa presentación, segundo o recollido na cláusula 6.1 do presente (Rexistro xeral do concello de Teo ou calquera das formas previstas no artigo 16.4 LPACAP), no caso de que estas non sexan superiores aos espazos ofertados, ou ben a puntuación obtida da valoración dos criterios recollidos na cláusula 7.2 do presente.

9. Adxudicación.

A adxudicación será motivada e acomodarse á proposta definitiva de adxudicación.

O acordo de adxudicación conterá a asignación concreta dos espazos de traballo e todos os pronunciamentos precisos sobre os adxudicatarios e sobre a exclusión das solicitudes de participación coa debida motivación. Unha vez acordada a adxudicación, seralle notificada a todas as persoas participantes na licitación, sexan ou non adxudicatarias, e publicarase na páxina web do concello de Teo (www.teo.gal), na sede electrónica e no taboleiro de anuncios.



CONCELLO DE TEO
Secretaría

Se as persoas adxudicatarias non formalizasen os seus contratos ou incumprisen as obrigas que se precisan nos presentes pregos para elo, as concesións poderán ser adxudicadas aos demais participantes que, no seu caso, reunindo todos os requisitos, non foran incluídos na proposta inicial e/ou na definitiva, por ser superior a demanda existente de espazos de traballo que os ofertados, habilitándose a estes efectos un prazo de 10 días naturais, a contar dende o requerimento, para que fagan o ingreso das tarifas correspondentes, e procedéndose posteriormente á súa adxudicación.

10. Garantía definitiva.

De conformidade co artigo 90 do R.D. 1372/1986, de 13 de xuño, os adxudicatarios, antes da formalización do contrato e dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación, deberán acreditar a constitución da garantía definitiva equivalente ao 3 % do valor do dominio público obxecto de ocupación, que poderá constituirse en calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP. A estes efectos considerase, segundo o informe técnico incorporado ao expediente, que o valor do aluguer da edificación ascende a 239,85 €/mes, polo que o importe da garantía definitiva, tendo en conta a existencia de 20 espazos de traballo, ascende a 4,32 €, por cada espazo de traballo adxudicado. O incumprimento deste requisito, por causa imputable ao concesionario, impedirá a formalización do contrato administrativo.

A garantía responderá do adecuado cumprimento das obrigas asumidas polo concesionario, e da devolución dos bens concedidos en condicións adecuadas, polo que se extenderá durante o prazo de duración da concesión.

11. Formalización do contrato.

Adxudicado o espazo, o concello e a persoa concesionaria formalizarán o contrato en documento administrativo, na data que sinale a Administración, dentro do prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ao da notificación da adxudicación.

12. Gastos a cargo da persoa adxudicataria.

Serán de conta da persoa adxudicataria os seguintes gastos:

- 1.- Os de formalización pública do contrato administrativo, de ser o caso.



CONCELLO DE TEO
Secretaría

2.- Calesquera outros que deriven do presente prego ou sexan esixibles de conformidade coa normativa vixente en cada momento.

CAPÍTULO IV. RÉXIME E EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

13. Duración da concesión.

De acordo co previsto no Regulamento, estas concesións administrativas demaniais outorgaranse por un periodo máximo de 12 meses. No caso das **persoas emprendedoras** poderán solicitar 6 meses, renovables, previa solicitude formulada ao efecto, por outros seis. No caso das **persoas traballadoras autónomas** poderán solicitar 3, 6, 9 e 12 meses.

Tratándose das **persoas emprendedoras**, transcorridos os 6 meses poderán solicitar a renovacion do espazo de traballo, por outros 6 meses, que lle será concedido previa comprobación dos requisitos esixidos para participar no procedemento.

Tratándose das **persoas traballadoras autónomas**, no caso de solicitar 3, 6 ou 9 meses, poderán renovar ata un máximo de 12, que lle será concedido previa comprobación dos requisitos esixidos para participar no procedemento.

En ambos casos, transcorrido este prazo (12 meses), se poderá volver a solicitar un espazo de traballo, que lle será concedida ou non dependendo da dispoñibilidade e, no seu caso, da aplicación do baremos.

O prazo citado comenzará a contar dende o día seguinte ao a data de formalización dos correspondentes contratos de concesión demanial dos espazos de traballo ou da data de renovación.

Rematado o prazo da concesion a persoa concesionaria ten a obriga de abandonar e deixar libre e vacuos, a disposición da Administración, dentro do prazo, o espazo de traballo obxecto da concesión, recoñecendo á Administración a súa potestado de acordar e exectuar por si o lanzamento, de conformidade co artigo 80.13 do R.D.



CONCELLO DE TEO
Secretaría

1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).

O concello, de acordo co previsto no art. 80.10 do RBEL, está facultado para deixar sen efecto a concesión, antes do vencemento, se o xustificaren circunstancias sobrevenidas de interés público, mediante resarcimento dos danos que se causaren, ou sen él cando non procedera.

14. Transmisión e permuta das concesións dos espazos de traballo.

Non se contempla a transmisión ou permuta dos espazos de traballo.

15. Dereitos e obrigas das persoas concesionarias.

As persoas concesionarias terán os dereitos e as obrigas recollidos no Regulamento do espazo de traballo colaborativo de Solláns, en particular nos puntos 4 e 5, respectivamente, do citado Regulamento.

16. Causas de extinción.

A concesión extinguirase polas seguintes causas:

- 1.- Por caducidade, é dicir a finalización do prazo de duración da concesión.
- 2.- Renuncia do titular.
- 3.- Cando sobreveña algunha causa de prohibición para contratar prevista na lexislación contractual administrativa, entre as que está non atoparse ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social.
- 4.- Circunstancias sobrevenidas de interese público que faculthen ao concello para deixar sen efecto a concesión, antes do vencemento, mediante resarcimento dos danos que se causaren, ou sen él cando non procedera (art. 80 RBEL).
Esta facultade de rescate exercitarase segundo a normativa administrativa reguladora das concesións demaniais.
- 5.- Falecemento da persoa titular.
- 6.- Acumulación de tres faltas, agás a de actividades ilícitas consideradas graves (no caso de faltas por non asistencia, estas deberían producirse dentro do período de 6 meses), tal e como se recolle no punto 10 do Regulamento.
- 7.- Realización dunha actividade ilícita (punto 10 do regulamento).



8.- Cese da actividade empresarial ou desistencia do proxecto emprendedor.

9.- Calquera outra prevista na normativa aplicable ou que se especifique neste prego ou no Regulamento do espazo de traballo colaborativo de Solláns.

CAPÍTULO V. RÉXIME SANCIONADOR.

17. Faltas e sancións.

De acordo co previsto no regulamento o incumprimento das normas de uso das instalacións considerarse unha falta que, acumulada con outras, pode dar lugar á extinción dos dereitos de uso.

Tratándose das faltas e sancións haberá que estar ao previsto nos artigos 9 e 10 do Regulamento.

18. Imposición das sancións.

Comprobadas as faltas acumuladas ou o carácter grave dalgunha delas, haberá que estar ao previsto no Regulamento do espazo de traballo colaborativo de Solláns, en particular no seu punto 9 e 10 e demais que resulten de aplicación, en especial a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e demais normativa aplicable.



CONCELLO DE TEO
Esportarías

CAPITULO VI. USO DAS INSTALACIÓNS COMÚNS

19. Sala de Reunións.

A sala de reunións está destinada para o uso por parte das persoas concesionarias nos seguintes supostos:

- Recepción de clientes, provedores ou outro tipo de profesionais.
- Encontros con outras persoas concesionarias do ETC de Solláns para establecer liñas de traballo conxunto.
- Calquera outro que sexa debidamente xustificado ante o Concello de Teo no momento da solicitude do uso da sala de reunións.

A dispoñibilidade da sala de reunións será a establecida nun calendario semanal de quendas que, no caso de coincidir no tempo dúas solicitudes, dará prioridade á primeira que fose formulada.

Esta información será accesible a través dos medios habilitados polo Concello para tal fin.

20. Cabina de gravación de son.

A cabina de gravación de son permite gravar audio en condicións de aillamento acústico e está destinada, nun principio, ao seu uso por profesionais da comunicación con espazo asignado no ETC de Solláns.

Tamén está contemplada a súa utilización por colectivos, asociacións e centros educativos que pretendan levar a cabo proxectos de radio en liña ou podcast.

O seu uso estará condicionado pola autorización previa do Concello de Teo, para a cal, as persoas ou entidades interesadas deberán presentar a correspondente solicitude mediante correo electrónico (aedl@teo.gal) fundamentando a necesidade do uso e o obxecto do mesmo.

CAPITULO VII. ESPAZOS DE TRABAJO VACANTES.

21. Espazos de traballo vacantes.

Para o caso de que, finalizado o procedemento de concesión ao que se refire o presente prego, quedarán libres espazos de traballo no ETC de Solláns, a adxudicación dos mesmos efectuarase coas formalidades previstas no presente prego e no Regulamento do espazo de traballo colaborativo de Solláns, coas particularidades que se detallan a continuación, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada (día e hora) nos diferentes lugares habilitados para a súa presentación, segundo o recollido na cláusula 6.1 do presente (Rexistro xeral do concello de Teo ou calquera das formas previstas no artigo 16.4 LPACAP).



CONCELLO DE TEO
Secretaría

A estes efectos as persoas interesadas deberán utilizar o modelo que se incorpora ao presente, como anexo I, que lle será facilitado no Rexistro Xeral do Concello de Teo, podéndose así mesmo obter na sede electrónica ou na web do concello, e achegar coa mesma a documentación que se indica na cláusula 6.2.1. do presente prego.

Presentada/s a/s solicitude/s, seguiranse os trámites que se detallan a continuación:

- Se se observaran defectos ou omisións subsanables na solicitude ou documentación presentada, concederáse un prazo non superior a 3 días hábiles para que a/s persoas/s solicitante/s as subsanen, baixo apercibimento de que, de non atender ao requirimento de subsanación dentro do prazo habilitado, non poderá efectuarse a adxudicación ao seu favor.

- A/s solicitude/s que presenten defectos insubsanables ou as de quen non reúnan os requisitos ou a capacidade para ser adxudicatarios de espazos de traballo ou non respeten as limitacións e condicionantes fixados neste prego, serán rexeitadas, sen necesidade de requirimento previo.

- O Concello de Teo queda facultado para facer requirimentos de aclaracións ou complemento en relación á/s solicitude/s presentada/s. Ditos requirimentos deberán atenderse nun prazo non superior a 3 días hábiles, producíndose, noutro caso, o rexeitamento da/s solicitude/s presentada/s.

O Concello de Teo está facultado para solicitar todos os informes e obter todas as informacións que considere convenientes e/ou necesarios para a correcta adxudicación das concesións.

- Comprobada a documentación e estando esta correcta, o órgano competente efectuará unha proposta de adxudicación, que será notificada á/s persoas/s interesada/s para que, no prazo de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da notificación da proposta, proceda/n a aboar as tarifas de conformidade co disposto na cláusula 3 deste prego, baixo apercibimento de que, de non efectuarse o aboamento



CONCELLO DE TEO
Secretaría

e/ou non presentarse o xustificante do mesmo en prazo, non se poderá efectuar a adxudicación ao seu favor.

- Transcorrido o prazo para o aboamento das tarifas, e efectuado este, procederase, previa proposta do/a concelleiro/a da área, a efectuar a adxudicación.

- A adxudicación será motivada, acomodarse á proposta citada e conterá a asignación concreta dos espazos de traballo e todos os pronunciamentos precisos sobre o/s adxudicatario/s.

- Unha vez acordada a adxudicación, seralle notificada a/s persoa/s interesada/s e publicarase na páxina web do Concello de Teo (www.teo.gal), na sede electrónica e no taboleiro de anuncios.

- Tratándose da formalización do contrato, estarase ao disposto na cláusula 11 do presente prego.

CAPÍTULO VIII. RÉXIME XURÍDICO.

22. Prerrogativas da Administración.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar, por razóns de interese público, os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeción aos requisitos e efectos sinalados na lexislación contractual.

Os acordos que dicte o órgano de contratación, logo de informe dos servizos xurídicos, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

23. Normativa aplicable.

No non previsto expresamente no presente prego de condicións estarase ao disposto no Regulamento do espazo de traballo colaborativo de Solláns e na normativa

aplicable, en especial na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas, no RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais, na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, na Lei 7/85 do 2 de abril e no RDL. 781/86, do 18 de abril; demais normativa aplicable á contratación e bens locais e á demais normativa que sexa aplicable en cada momento.

A persoa concesionaria sométese expresamente á devandita normativa.

24. Xurisdición competente.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polos órganos de contratación; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a tenor da lei reguladora de dita xurisdicción. Porén, os interesados poderán interpor o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administraivo común das Administracións Públicas.

Teo, 21 de xuño de 2019

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira



DILIXENCIA.- O presente prego, cos seus correspondentes anexos, integrado por 27 follas, numeradas e rubricadas por min, foi aprobado por Resolución da alcaldía de 2 de xullo de 2019 (nº 520/2019).

A secretaria xeral.



Virginia Fraga Díaz
Secretaría

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DE ESPAZOS DE TRABALLO NO ETC DE SOLLÁNS

Datos dapersoa solicitante

D./Dña....., con
DNI número e domicilio a efectos de notificación e comunicación
en.....CP.....
localidade.....teléfono e correo electrónico

EXPOÑO:

Que tendo coñecemento do procedemento que se tramita para a concesión dos espazos de traballo no ETC de Solláns e estando interesado/a en participar nel,

MANIFESTO:

- 1.- Que acepto plenamente o prego de condicións aprobados ao efecto e cantas obrigas se deriven do mesmo, como participante no procedemento e, no seu caso, como adxudicatario/a.
- 2.- Que non estou incurso en ningunha das prohibicións de contratar recollidas no artigo 71 da LCSP.
- 3.- Que me atopo ao corrente das obrigas tributarias (co concello de Teo, co Estado e coa CCAA) e da seguridade social.

Marque cun "X" a opción que proceda:

- Que estou empadroadado no concello de Teo dende hai máis de 6 meses.
- Que a miña empresa ten parte da súa actividade no Concello de Teo.

SOLICITO:

Que previo os trámites oportunos se me outorgue en concesión o uso e disfrute dun espazo de traballo no ETC de Solláns polo seguinte periodo e xornada: (marque cun "X" as opcións escollidas):

- PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS:(marque unha soa opción)

- Período de 3 meses en xornada estendida (12 horas/día)



- Período de 3 meses en xornada parcial (6 horas/día)
- Período de 6 meses en xornada estendida (12 horas/día)
- Período de 6 meses en xornada parcial (6 horas/día)
- Período de 9 meses en xornada estendida (12 horas/día)
- Período de 9 meses en xornada parcial (6 horas/día)
- Período de 12 meses en xornada estendida (12 horas/día)
- Período de 12 meses en xornada parcial (6 horas/día)

.- PERSOAS EMPRENDEDORAS:

- Período de 6 meses en xornada estendida (12 horas/día)
- Período de 6 meses en xornada parcial (6 horas/día)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Fotocopia compulsado Documento Nacional de Identidade ou pasaporte.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias (co Estado e coa CCAA) e da Seguridade social.
- Documentación acreditativa da representación (poder notarial), cando se actúe nesta condición.
- Descrición do proxecto empresarial, axustado ao establecido na cláusula 6.2.1 do Prego de condicións.

Lugar e data

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TEO

Concello de Teo, Travesía da Ramallosa nº 38, 15.883 Teo (A Coruña)



CONCELLO DE TEO
Secretaría

ANEXO II

MODELO DE PROPOSICIÓN. PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN DE ESPAZOS DE TRABAJO NO ETC DE SOLLÁNS.

NOME:

D.N.I:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

DIRECCION DE CORREO ELECTRÓNICO:

EXPOÑO: que tendo coñecemento do procedemento que se tramita para a concesión dos espazos de traballo colaborativo de Solláns e estando interesado/a en participar nel,

MANIFESTO:

1.- Que estou empadroad/a no Concello de Teo, de forma continuada, dende (día/mes/ano)

3.- Que teño, no día da data, (*en número e letra*).....anos.

4.- Que presento a seguinte documentación xustificativa dos criterios recollidos na cláusula 7.2:

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____


5.- Que presento unha descrición detallada do meu proxecto empresarial, axustado ao establecido na cláusula 6.2.1 do Prego de condicións.

(LUGAR E DATA)

(SINATURA)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TEO

Concello de Teo, Travesía da Ramallosa nº 38, 15.883 Teo (A Coruña)



CONCELLO DE TEO
Secretaría

ANEXO III

**DECLARACIÓN XURADA DA CLÁUSULA 7.2.C) DO PREGO. RELACIONADA COA
UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

D./Dña....., con DNI
número e domicilio a efectos de notificación e comunicación
en.....CP.....localidade.....
telf..... e correo electrónico

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que a lingua galegaserá a utilizada durante a fase de elaboración do proxecto
empresarial, tamén, no desenvolvemento da miña actividade económica.

Comprométome á utilización da lingua galega falada e escrita.

Teo, de de 2019

Asdo.



CONCELLO DE TEO
Secretaría

ANEXO IV: PLANO DE DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS DE TRABALLO




CONCELLO DE TEO
Secretaría

ANEXO II

**MODELO NORMALIZADO PARA A SOLICITUDE DE
CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DE ESPAZOS
DE TRABALLO NO ETC DE SOLLÁNS**

**SOLICITUDE DE CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DUN ESPAZO DE TRABALLO
NO ETC DE SOLLÁNS**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE		
Apelidos:	Nome:	DNI:
Teléfono:	Enderezo:	
Correo electrónico:	<input type="checkbox"/> Notificación Postal <input type="checkbox"/> Notificación telemática	

EXPOÑO:

Que teño interese en obter a concesion do uso privativo dun espazo de traballo no ETC de Solláns e, por isto,

MANIFESTO:

- 1.- Que acepto plenamente o Prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 2 de xullo do 2019 (res. 520/2019), e cantas obrigas se deriven do mesmo, como solicitante e, no seu caso, como persoa adxudicataria.
- 2.- Que non estou incurso/a en ningunha das prohibicións de contratar recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- 3.- Que me atopo ao corrente das obrigas tributarias (co Concello de Teo, co Estado e coa CCAA) e coa Seguridade Social.
- 4.- Marque cun "X" a opción que proceda:
 - Que estou empadroada/o no Concello de Teo dende hai máis de 6 meses.
 - Que a miña empresa ten parte da súa actividade no Concello de Teo.

SOLICITO:

Que previo os trámites oportunos se me outorgue en concesión o uso e disfrute dun espazo de traballo no ETC de Solláns polo seguinte periodo e xornada: (marque cun "X" as opcións escollidas):

- PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS: (marque unha soa opción)

- Período de 3 meses en xornada estendida (12 horas/día)
- Período de 3 meses en xornada parcial (6 horas/día)

- Período de 6 meses en xornada estendida (12 horas/día)
- Período de 6 meses en xornada parcial (6 horas/día)

- Período de 9 meses en xornada estendida (12 horas/día)
- Período de 9 meses en xornada parcial (6 horas/día)

- Período de 12 meses en xornada estendida (12 horas/día)
- Período de 12 meses en xornada parcial (6 horas/día)

- PERSOAS EMPRENDEDORAS:

- Período de 6 meses en xornada estendida (12 horas/día)
- Período de 6 meses en xornada parcial (6 horas/día)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Documento Nacional de Identidade ou pasaporte.
- Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias (co Estado e coa CCAA) e da Seguridade Social.
- Documentación acreditativa da representación (poder notarial), cando se actúe nesta condición.
- Descrición do proxecto empresarial, axustado ao establecido na cláusula 6.2.1 do Prego de condicións.

Lugar e data

Asdo.:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO Travesía da Ramallosa nº 38, 15.883 Teo
(A Coruña)

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e prace da Sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Vº e Prace

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz